

CS Sistemas electrotécnicos e automatizados

Ciclo formativo de grao superior		Título LOE		
	Perfil profesional	Duración 2.000 horas		
Que se aprende a facer?	Desenvolver proxectos e en xestión e supervisar a montaxe e o mantemento de instalacións electrotécnicas no ámbito do regulamento electrotécnico para baixa tensión (REBT). Tamén consiste en supervisar o mantemento de instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións, a partir da documentación técnica, especificacións, normativa e procedementos establecidos, asegurando o funcionamento, a calidade, a seguridade, e a conservación ambiental.			
En que ámbitos se traballa?	Este profesional exerce a súa actividade en empresas, maioritariamente privadas, dedicadas ao desenvolvemento de proxectos, á xestión e á supervisión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas no ámbito de edificios e con fins especiais, á instalación de sistemas domóticos e inmóticos, a infraestruturas de telecomunicación en edificios, a redes eléctricas de baixa e a sistemas automatizados, tanto por conta propia como por conta allea.			
Que ocupacións se desempeñan?	Técnico/a en proxectos electrotécnicos; proxectista electrotécnico/a; proxectista de instalacións de electrificación en baixa tensión para vivendas e edificios; proxectista de instalacións de electrificación en baixa tensión para locais especiais; proxectista de instalacións de iluminación exterior; proxectista de liñas eléctricas de distribución de enerxía eléctrica en media tensión e centros de transformación; proxectista en instalacións de antenas e de telefonía para vivendas e edificios; coordinador/ora técnico/a de instalacións electrotécnicas de baixa tensión para os edificios; técnico/a de supervisión, verificación e control de equipamentos e instalacións electrotécnicas e automatizadas; técnico/a supervisor/ora de instalacións de iluminación exterior; capataz de obras en instalacións electrotécnicas; xefe/a de equipo de instalación de baixa tensión para edificios; coordinador técnico de redes eléctricas de baixa tensión e iluminación exterior; técnico/a en supervisión, verificación e control de equipamentos en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior; capataz de obras en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior; encargado/a de obras en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior; xefe/a de equipo de instalación en redes eléctricas de distribución en baixa tensión e iluminación exterior; xestor/ora do mantemento de instalacións eléctricas de distribución e iluminación exterior.			
Caes son os módulos deste ciclo?	Na seguinte táboa figuran os módulos profesionais que compoñen este ciclo formativo, xunto co seu código, a súa duración e coa información do curso no que se imparten.			
	Curso	Código	Módulos profesionais	Horas
	1º	MP0527	Formación e orientación laboral	107
	1º	MP0517	Procesos en instalacións de infraestruturas comúns de telecomunicacións	187
	1º	MP0520	Sistemas e circuitos eléctricos	213
	1º	MP0521	Técnicas e procesos en instalacións domóticas e automáticas	213
	1º	MP0518	Técnicas e procesos en instalacións eléctricas	240
	2º	MP0523	Configuración de instalacións domóticas e automáticas	140
	2º	MP0524	Configuración de instalacións eléctricas	140
	2º	MP0522	Desenvolvemento de redes eléctricas e centros de transformación	122
	2º	MP0519	Documentación técnica en instalacións eléctricas	105
	2º	MP0528	Empresa e iniciativa emprendedora	53
	2º	MP0529	Formación en centros de traballo	384
	2º	MP0526	Proxecto de sistemas electrotécnicos e automatizados	26
	2º	MP0602	Xestión da montaxe e do mantemento de instalacións eléctricas	70

Nota: os módulos en negra están asociados a algunha unidade de competencia, conforme as táboas seguintes.